

## **ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA. 25 DE NOVEMBRO DE 2017**

Lugar: Centro Social de Baltar  
Lugar de Baltar nº 26, 1º Andar - Castrelo  
36639 Cambados (Pontevedra)

Hora: 17,00 en 1ª Convocatoria  
17,30 en 2ª Convocatoria

### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
- 2º.- Avance do estado das contas do ano 2017. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2018.
- 3º.- Información sobre os colectivos en situación no corrente.
- 4º.- Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia.
  - Balance organizativo da XIII edición.
  - Convocatoria da XIV Edición. Apertura do período para presentación de proxectos.
- 5º.- Proxecto para conmemorar os 25 anos da Federación.
- 6º.- Proxecto de participación de Culturmar no Festival Marítimo de Pasaia 2018.
- 7º.- Informe de xestións da Xunta Directiva.
  - Consellería do Mar
  - Secretaría Xeral de Cultura
  - Portos de Galicia
  - Dirección Xeral de Patrimonio Natural – Parque Nacional Illas Atlánticas.
- 8º.- Varios.
  - Incorporación de Culturmar á “Rede do Patrimonio”
  - Seguros 2017. Informe
  - Memorias de actividades 2017
  - Base de datos de embarcacións tradicionais
  - Gabinete de comunicación
  - Proxecto sobre o patrimonio marítimo do GALP4
  - Reparto de maquetas empregadas na exposición “Fasquías”
- 9º.- Rogos e preguntas.

Dáse comezo á Asemblea en segunda convocatoria, sendo as 17:30 horas, debido a que non se reúne o quorum necesario na primeira convocatoria.

Asociacións asistentes:

Grupo Etnográfico Mascato, Asoc. Mar da Pedra, Asoc. de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas, Asoc. Cultural Mar de Muros, Asoc. Amigos da Dorna de Portonovo, Asoc. Recreativa e Cultura Sueste, Asoc. Terra de Outes, Clube Mariño A Reiboá, Asoc. Cultural e Deportiva Dorna, Asoc. Lajareu por Barlovento, Real e Ilustre Cofradía da Dorna, Asoc. Rompetimóns, Asoc. Amigos do Museo do Mar de Galicia, Asoc. Fasquía

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente: Manuel García Sendón  
Vicepresidente: Xaquín Lores Torres  
Secretario: Anxo Telmo Rincón  
Tesoureira: Sara Cacheiro González  
Vocais: Víctor Fernández González  
Enrique Sendra Ortega

Tamén forma parte da mesa, M<sup>a</sup> Carmen Serantes, como persoal administrativo contratado pola Federación.

### **1º.- Lectura e aprobación, se procede, da actas anteriores.**

Como en convocatorias anteriores, os documentos da Actas foron enviados aos colectivos por correo electrónico quince días antes á celebración da Asemblea, para que avancen a súa lectura e fagan as consideracións oportunas.

Ao non haber alegacións, sométese a votación da Asemblea, sendo aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas da Asemblea Ordinaria do día 1 de abril de 2017 e da Asemblea Xeral Extraordinaria do día 2 de xuño de 2017.

### **2º.- Avance do estado de contas do ano 2017. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2018.**

A tesoureira procede a explicar as contas do ano 2017, así como aqueles ingresos e gastos que hai previstos ata final de ano. Informa que a achega económica correspondente ao convenio coa Consellería do Mar (46.000 € aprox), atópase pendente de cobro, así como o pago de 40.000 € a Abanca para liquidar o préstamo solicitado para afrontar os pagos do XIII Encontro. A día de hoxe, acumúlase 33.339 € repartidos nas dúas contas bancarias.

Rematada a exposición das contas provisionais do ano 2017, preséntase a documentación co orzamento do ano 2018 para ser analizado, explicando as partidas mais importantes así como respondendo dúbidas dos asistentes.

Unha vez repasados os conceptos e as cifras, sométese a votación sendo aprobado por unanimidade un orzamento con 60.461,00 €

### **3º.- Información sobre os colectivos en situación non corrente.**

O secretario expón a necesidade de facer un repaso anual dos colectivos que se encontran en situación non corrente, informando que se contactou ou intentou contactar en tódolos casos cos responsables dos colectivos. A situación é a seguinte:

A Ostreira - Abelleira: Acumulan dúas cotas sen pagar (2016 e 2017). teñen dificultades económicas. Informóuselle do acordo da asemblea polo cal ao acumular dúas cotas sen pagar, pasaban a estar de baixa temporal para non acumular máis débedas. Pola súa parte indicaron que tentarían pagar algunha cota para non entrar nesa situación.

Mar de Noia: Non pagaron a cota de 2017. Comunicaron que pagarían en breve.

Rabandeira: Arrastran a cota do 2015 sen pagar. Comunicaron que pagarían na asemblea, pero non asistiu ningún representante.

Ex-marinheiros da armada de Vila do Conde: este caso non se resolveu no 2016 xa que non se conseguiron comunicacións fluídas. Acumulan impagos dende 2010 inclusive. Enviouse un correo e falouse telefonicamente sobre a súa situación, ofrecendo facilidades para que poidan satisfacer as cotas e seguir na Federación. Pola súa parte informaron que ían ter unha próxima reunión da dirección e que nos darían resposta.

Barcos do Nordés: acumulan dúas cotas sen pagar (2016 e 2017) e nada se sabe da súa actividade, tentando periodicamente contactar co seu responsable, sen obter resposta, polo que se lle enviou unha carta certificada que foi recibida o pasado día 20 de novembro. Polo momento non houbo resposta.

Nestes dous últimos casos, deberá aclararse a súa situación de cara á vindeira asemblea, xa que de ter que dalos de baixa, haberá que convocar unha asemblea extraordinaria. Para os casos anteriores, convén facer un seguimento para que non se acumulen os impagos actuais, co do ano 2018.

#### **4º.- XIII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia.**

##### -Balance organizativo.

Manolo Sendón, en primeiro lugar, quere recoñecer ao CM A Reiboa o seu esforzo para levar adiante o XIII Encontro, pasando a valorar os aspectos positivos desta edición. Cita tamén os aspectos que hai que ter en conta para mellorar nas próximas edicións:

-A exhibición das embarcacións amarradas debe estar concentrada.

-As datas deberan ser entrado o mes de xullo.

Mari Serantes informa do balance económico do Encontro, citando as cifras por partidas, e informando que o resultado do balance foi de 16.850 €

Dáselle a palabra a Joaquín Fabeiro, presidente de CM A Reiboa, facendo este un repaso do que foi a organización, resaltando a colaboración da asociación local Armadiña, así como ofreceu unha explicación á asemblea da motivación das datas de celebración.

Ábrese unha quenda de intervencións, citando Braulio Puga (Mariñeiros Bouzas) a situación negativa que se deu no acto inaugural, onde a presenza da flota foi moi pequena e dispersa, e tamén había moi poucos participantes do Encontro nese mesmo acto. Insiste en

que nese tipo de actos debe haber un respaldo masivo, tanto en barcos como en xente.

Joaquín Fabeiro intervéñ para explicar os aspectos que motivaron esa situación.

Alejandro Piñeiro (AD Portonovo) asume que os membros dos colectivos deben asumir obrigas no encontro, como botar unha man na organización e obrigas de representación en actos como o que citou Braulio Puga. Tamén quere agradecer ao CM A Reiboia por asumir a organización do XIII Encontro.

#### -Convocatoria do XIV Encontro.

Manolo Sendón informa da apertura do prazo para presentar proxectos para organizar o XIV Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no ano 2019. O prazo pecharase o día 15 de marzo de 2018, data escollida para ter tempo, posteriormente a estudar os proxectos, seleccionar un deles, e presentar a proposta ante as diferentes administracións implicadas antes do comezo do verán de 2018.

Enviarase unha nota de prensa e publicarase na web culturmar.org información ao respecto

#### **5º- Proxecto para conmemorar os 25 anos da Federación.**

Manolo Sendón informa da proposta explicando os diferentes aspectos recollidos no documento do proxecto. Informa tamén que xa houbo contactos con diferentes administracións e entidades, coma a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e o Museo do Pobo Galego. As datas escollidas, en principio, sería dende o 29 de setembro ao 7 de outubro de 2018.

A fórmula escollida para o desenvolvemento do proxecto e para a organización é a creación dun grupo de traballo, polo que se solicitan persoas para conformar ese grupo. Na propia asemblea postúlanse os seguintes: unha persoa de Mar de Muros, Alejandro Piñeiro (AD Portonovo), unha persoa do CM A Reiboia, unha persoa de Terra de Outes, Narciso Fernández (Rel Cofradía da Dorna).

## **6º- Proxecto de participación de Culturmar no Festival Marítimo de Pasaia 2018.**

Manolo Sendón informa da proposta e das diferentes administracións a implicar no proxecto. As datas do festival son de 17 a 25 de maio de 2018. A organización local facilita manutención, aloxamento e achega 25.000 € para financiar a expedición. Como no caso anterior, escóllese crear un grupo de traballo para desenrolar o proxecto e organizar a expedición, e dado o pouco marxe de tempo que hai, convócase unha reunión do mesmo para o día 16 de decembro de 2017 pola mañán. As persoas que na propia asemblea se ofreceron a formar parte do grupo de traballo son as seguintes: Nacho Velón (AD Portonovo), unha persoa do CM A Reiboa, José Chantada (ADC Dorna), Braulio Puga (MAD Bouzas), Narciso Fernández (Rel Cofradia da Dorna), Juan (Sueste)

## **7º- Informe de xestións da Xunta Directiva.**

### -Consellería do Mar.

Anxo Telmo informa da reunión mantida na Consellería do Mar coa Conselleira e coa Directora Xeral de desenvolvemento pesqueiro, interlocutoras habituais entre Culturmar e a Xunta de Galicia, o pasado 24 de outubro, onde se trataron os seguintes temas:

- Proxectos dos 25 anos da Federación e participación de Culturmar no festival marítimo de Pasaia 2018.
- Convenios anuais entre Culturmar e a Consellería.
- As dificultades que temos en Portos coas mariñas tradicionais e a Lei de Portos.
- Creación de taxas para permisos de navegación e fondeo no Parque Nacional MT das Illas Atlánticas de Galicia.

### -Portos de Galicia.

Logo da reunión na Consellería do Mar, recibíuse unha chamada do presidente de Portos de Galicia convocándonos a unha reunión para o día 13 de novembro, e abordar o problema que existen coas taxas á hora de poñer en marcha as mariñas tradicionais. Á reunión asistiu Anxo Telmo e Manolo Sendón, e foron recibidos por Ignacio Villar e Isabel Calzadilla, Director e Xefa de Explotación de Portos respectivamente. Se lles trasladou a problemática que supoñía o cobro da taxa X5, así como a situación delicada que tiñan os compañeiros do CM A Reiboa co seu pantalán, xa que non asinaron a autorización nos termos que Portos

redactou.

Intervén Roberto Rey (CM A Reiboia) para informar de que dende o seu colectivo optaron por trasladar a súa problemática aos grupos políticos municipais, propoñéndolles unha moción de apoio. Nesas conversas, ao falar co portavoz municipal do PP (Ángel Moldes), este púxose en contacto co presidente de Portos (JJ Durán) trasladándolle o asunto do pantalán de Combarro está sendo tratado con Culturmar. Por este motivo, o CM A Reiboia paraliza a opción de propoñer unha moción de apoio no pleno do Concello de Poio polo momento.

#### -Secretaría Xeral de Cultura

Manolo Sendón informa que coincidiu co Secretario Xeral Anxo Lorenzo, así como un funcionario deste departamento, e que faláron que o decreto polo que se decláran BIC as técnicas construtivas da carpintería de ribeira será publicado en breve. Solicitouse unha reunión con Anxo Lorenzo para presentarlle os proxectos dos 25 anos e a presenza de Culturmar no Festival marítimo de Pasaia, estando convocada esta para o día 8 de xaneiro de 2018.

#### -Dirección Xeral de patrimonio natural.

A raíz das conversas coa Conselleira do Mar en canto ás taxas no Parque Nacional MT das illas Atlánticas de Galicia, puxémonos en contacto con esta Dirección Xeral para tratar este asunto. Fíxose unha proposta de exención para embarcacións tradicionais, e esta foi aceptada, vía correo electrónico. De todos xeitos, chegou información por parte dun funcionario do parque, de que vaise paralizar o asunto das taxas, xa que houbo moita oposición e non teñen tempo a abordar as negociacións de cara ao inicio do 2018.

### **8º- Varios.**

#### -Incorporación de Culturmar á "Rede do Patrimonio"

Xaquín Lores informa de que se trata esta rede e solicita o permiso da asemblea para incorporarse á mesma, xa que pode ser interesante ser membro da mesma, e non supón ningunha obriga que non se poida asumir. Aprobouse por unanimidade á incorporación de Culturmar á rede do patrimonio.

#### -Seguros 2017. Informe.

Anxo Telmo informa do balance de cartóns navegantes emitidos no ano 2017, así como o balance económico, facendo un chamamento aos colectivos a que promovan entre os seus membros o cartón de navegantes, xa que é obrigatorio para participar en actividades dentro do calendario de Culturmar, contan cun seguro de accidentes nas navegacións, e tamén é un xeito de financiamento de Culturmar.

Informa tamén que este ano comunicouse un accidente pero finalmente non houbo que iniciar ningún parte de incidente.

#### -Memoria de actividades 2017.

Anxo Telmo informa da importancia que ten que os colectivos faciliten datos das actividades que realizan para incorporar á memoria anual de actividades de Culturmar. Para isto, recórdalles aos presentes que reenvíen as plantillas cubertas cos correspondentes datos. Enviaráselles aos colectivos un correo recordando esta tarefa así como achegaráselle as diferentes plantillas.

#### -Base de datos de embarcacións tradicionais.

Anxo Telmo informa do traballo de recollida de datos das embarcacións tradicionais asociadas aos colectivos, insistindo na importancia de facilitar estes datos para completar o inventario de cara a poder facer uso deses datos no futuro. Recalca que se enviou un correo aos colectivos informando deste asunto, cos barcos que tiñan inscritos cada asociación, facilitando un enlace a un formulario web para que se cubriaran os datos errados, incompletos ou rexistrar novas embarcacións, pero poucos colectivos fixeron caso desta solicitude. Polo tanto, enviarase de novo esta información, pero a recollida destes datos será por contacto directo colectivo a colectivo. Do mesmo xeito, facilitarase o enlace ao formulario para quen o considere, o faga a través do formulario.

#### -Gabinete de comunicación.

Manolo Sendón informa da necesidade de contar cunha persoa que faga as labores de comunicación coa prensa e o seguimento da presenza de Culturmar na mesma. Informa tamén da decisión da Xunta Directiva de contar para esta tarefa con Sole Rei, que xa



asumiu este traballo no XIII Encontro. Os custos asociados a este traballo, serán cargados principalmente a proxectos de dinamización.

-Proxecto sobre o patrimonio marítimo do GALP 4.

Pepe Sacau (Mar de Muros) intervén para explicar en que consiste este proxecto, facilitando aos presentes un documento que recolle as propostas. Informa tamén dos traballos asociados a este proxecto así como os pasos a dar de cara á súa presentación. Acordase en que os diferentes colectivos con influencia nos seus respectivos GALP informen do proxecto e fagan presión para que as respectivas directivas apoien o mesmo. Pola parte de Pepe Sacau, falará coa xerente do GALP 4 para que el faga o mesmo coas respectivas xerencias.

-Reparto de “Guías de embarcacións tradicionais d Galicia”

Repártese entre os asistentes a última publicación de Culturmar, editada co patrocinio da Deputación de Pontevedra, que se presentou no XIII Encontro e acompañou á exposición “Fasquías” tamén editada pola Deputación de Pontevedra. O reparto foi como segue:

Terra e Outes:	20 exemplares
Rel Cofradía da dorna:	20 exemplares
Rompetimóns:	10 exemplares
AD Portonovo:	50 exemplares
Mar de Muros:	20 exemplares
ACD Dorna:	50 exemplares
Lajareu por Barlovento:	30 exemplares

**9º- Rogos e preguntas.**

Non se presentan rogos nin preguntas

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea, sendo as 19:55 horas.

Cambados, sábado 25 de novembro de 2017.

O Secretario

O Presidente

Anxo Telmo Rincón

Manuel García Sendón